



NOTA PREVIA

O seguinte documento foi elaborado seguindo o libro de estilo proposto pola AEMET (Axencia Estatal de Meteoroloxía) e está pensado para facilitar a comprensión do parte meteorolóxico, fixando unha serie de criterios que sexan de validez xeral. Algunhas das expresións e dos limiares propostos foron adaptadas á climatoloxía de Galicia, de xeito que poden resultar lixeiramente distintas ás aconselladas por AEMET.



NORMAS BÁSICAS PARA A REDACCIÓN DA PREDICIÓN

Axustarase ás seguintes normas:

- 1.- A orde debe de ser a establecida neste documento.
- 2.- Como norma xeral, a súa redacción axustarase á corrección sintáctica e será o máis breve e clara posible. Seguirase una evolución xeográfica e temporal, de xeito que primeiro se citará o lugar e a situación a primeiras horas e se continuará coa evolución ata o final do día. Se na zona de predición ou no período de predición hai unas condicións dominantes, comezase pola situación máis xeral e logo engadiranse aquelas zonas ou períodos diferenciados. Se se agarda una situación moi adversa nunha zona concreta poderase comezar facendo referencia a ela. Figurarán sempre nebulosidade, temperatura e vento. Os outros parámetros citaranse so cando se agarde que se produzan. Obviarase o parámetro de nebulosidade naquelas zonas onde se agarden precipitacións xeneralizadas.
- 3.- Non se empregará a palabra "risco" como termo de probabilidade, xa que denota perigosidade.
- 4.- Cando se distingan dúas ou máis zonas na predición dunha variable, citarase en primeiro lugar a zona xeográfica afectada e despois a predición correspondente.
- 5.- Cando se usen termos de evolución, deben citarse tamén os límites da evolución. Por ex. "Pouco nubrado aumentando a moi nubrado pola tarde".
- 6.- Os termos referentes a adxectivación, distribución espacial e evolución temporal deben citarse nesta orde. Por ex: "Nubrado con chuvascos fortes, illados e ocasionais".



7.- En canto ás temperaturas, distinguirase entre mínimas e máximas. Indicarase a tendencia respecto ao día anterior. No caso de xeadas, nomearase inmediatamente detrás das temperaturas mínimas.

8.- En canto ao vento, citarase en primeiro lugar a dirección e despois o adxectivo correspondente á velocidade. Poderán incluírse valores numéricos cando se acaden valores de importancia, por exemplo: "ventos do sur fortes con refachos que poderán acadar os 100 km/h".

9.- A cota de neve nomearase xunto ás precipitacións, p ex: " No norte da Comunidade precipitacións persistentes, de neve a partir de 800 metros".

NUBES

A.- Cantidade de nubes:

- **Despexado:** menos do 10% do ceo cuberto de nubes.
- **Pouco nubrado:** entre o 10% e o 40% de nubes no ceo.
- **Moi nubrado:** entre o 40% e o 70% de nubes no ceo.
- **Cubertos:** máis do 70% do ceo con nubes.

B.- Tipo de nubes:

Cando non se faga mención ó tipo de nubes, entenderase que son nubes baixas ou medias, que non permiten o paso do sol. As nubes altas nomearase cando abranguen amplas zonas. Citaranse especificamente dous tipos de nubes moi comúns en Galicia:

- **Nubes de evolución diúrna:** aparecen nas horas centrais do día, debidas ó quecemento das masas de aire en contacto co chan, producido pola radiación solar e desaparecen á noite.
- **Nubes de estancamento:** prodúcese pola interacción das masas de aire co relevo. Cando unha masa de aire húmido se ve forzada a ascender, a



humidade condensará e formaranse as nubes. Persisten longo tempo no mesmo lugar.

C.- Evolución temporal:

A distribución temporal dos termos de nebulosidade pode facerse de dúas maneiras: unha é nomeando as partes do día nas que se agarda unha nova cantidade de nubes (día, noite, mañá, tarde, madrugada, horas centrais do día, mediodía) e outra é mediante termos de evolución:

- **Sen cambios** na cantidade de nubes.
- **Nubes en aumento/diminución progresivo**: a nebulosidade vai pasar dunha categoría a outra ("de pouco nubrado a moi nubrado", "apertura de claros", p, ex.).
- **Ceos alternando nubes e claros**: durante un período de tempo o estado do ceo varía entre pouco nubrado e moi nubrado.
- **Nebulosidade variable**: varía durante un período dado dunha forma dubidosa, podendo pasar por momentos con ceos despexados ata momentos moi nubrados, sen poder precisar a duración nin o comezo destes períodos. Esta expresión procurárase evitar sempre que sexa posible pola súa imprecisión.

VISIBILIDADE

A.- Intensidade:

A visibilidade non é un parámetro meteorolóxico puro, senón que é un elemento derivado. A predición de visibilidade non se fará adxectivando esta, senón nomeando o tipo de meteoro:

- **Calixe**: Trátase de suspensión de partículas secas na atmosfera, que aínda que sexan invisibles para o ollo humano representen un número suficientemente importante para darlle ó ceo unha aparencia



opalescente. O termo de calixe usarase por tanto cando se predigan visibilidades reducidas con humidades inferiores ó 70%.

- **Brétema:** Suspensión no aire de partículas higroscópicas húmidas. Usarase cando a visibilidade sexa reducida, pero superior a 1 km, con humidade superior ao 70%.
- **Néboa ou neboeiro:** A mesma definición que brétema, pero cunha visibilidade menor que 1 km. Usarase neboeiro para as néboas máis mestas (menos de 200 m de visibilidade) que poidan chegar a mollar.
- **Bancos de néboa:** néboas producidas por condicións locais en pequenas áreas.

B.- Variabilidade espacial

- **Illadas ou dispersas:** Entre o 10 e o 30% do territorio afectado pola visibilidade reducida.
- **Xeneralizadas:** Cando a porcentaxe do territorio afectado sexa superior ó 60%. Entre estas dúas categorías non se especificará termo de variabilidade espacial.

C.- Variabilidade temporal

Indicarase a evolución temporal:

- **Intensificándose:** Cando a previsión indique que a visibilidade irá diminuindo durante o período de predición
- **Disipándose:** En caso contrario.
- **Persistentes:** Cando non se agarden cambios significativos na visibilidade.

D.- Probabilidade

- **Probabilidade baixa ou posibilidade:** Cando a probabilidade de que a visibilidade sexa reducida estea entre o 10 e o 40%.
- **Probable:** A probabilidade estará entre o 40 e o 70%.



- Cando a probabilidade estimada sexa maior do 70%, non se fará mención das probabilidades.

PRECIPITACIÓNS

A.-Tipos de precipitación

- **Orballo:** Precipitación líquida, feble e continuada.
- **Chuvia:** Precipitación líquida en xeral. Estará acompañada por adxectivos que completen o significado, ben dando a intensidade ou a variabilidade espacial ou temporal, exemplo: chuvias febles, illadas e ocasionais.
- **Chuvasco:** Precipitación de curta duración, normalmente moderada ou forte. O tamaño das gotas de auga é maior que na chuvia ou orballo. Poderán vir acompañadas de sarabia e frecuentemente aparato eléctrico, posto que estas precipitacións están producidas pola presenza de nubes convectivas.
- **Sarabia:** Precipitación de anacos de xeo cun diámetro a partir dos 5 mm.
- **Neve:** Precipitación de cristais de xeo. A cota de neve e aquela altitude a partir da cal a precipitación cae en forma de neve, independentemente de se calla u non a ese nivel.

B.- Intensidade

- **Feble:** Entre 0 e 2 mm/h.
- **Moderada:** Entre 2 e 15 mm/h. A predición de superación de 15 mm/h daría lugar a unha alerta amarela de precipitación acumulada nunha hora.
- **Forte:** Entre 15 e 30 mm/h. A predición de superación de 30mm/h daría lugar a unha alerta laranxa de precipitación acumulada nunha hora.
- **Moi forte:** >30 mm/h. A predición de superación de 60 mm/h daría lugar a unha alerta vermella de precipitación acumulada nunha hora.



Esta clasificación será usada soamente no caso de chuvias ou chuvascos, posto que o orballo é, por propia definición, feble. A sarabia citarase xunto co tipo de precipitación. Así, por exemplo, dirase: 'Chuvascos fortes acompañados de sarabia'. Se se estima que a sarabia vai ser moi importante poderá empregarse a expresión 'fortes sarabiadas'

C.- Variabilidade espacial

- **Illadas ou dispersas:** Entre 10 e 30% do ámbito territorial afectado pola precipitación.
- **Xeneralizadas:** Cando a porcentaxe do territorio afectado sexa superior ó 60%. Entre estas dúas categorías a cobertura espacial da precipitación non se especificará.

D.- Variabilidade temporal

- **Ocasionais:** Cando a precipitación prognosticada ocupe unha duración inferior ó 30% do total do período de predición.
- **Persistentes:** A precipitación ocupará máis do 60% do total do período de predición.

Entre estas dúas categorías a precipitación non se adxectivará. Tamén poderán utilizarse os adxectivos **frecuentes ou intermitentes**: cando a precipitación se repita a miúdo. Desta forma non terá o mesmo significado dicir: 'Chuvascos illados e ocasionais' que 'Chuvascos xeneralizados e frecuentes'. A segunda frase será moi útil para caracterizar as situacións logo do paso de fronteas frías moi activas, mentres que o primeiro caracterizará mellor os períodos máis afastados do paso da fronte.

E.- Termos de probabilidade:

- **Probabilidade baixa ou posibilidade:** Cando a probabilidade de que se produza un tipo de precipitación sexa de entre o 10 e o 40%.
- **Probabilidade alta:** A probabilidade estará entre o 40 e o 70%.



Cando a probabilidade estimada sexa maior ó 70%, non se fará mención das probabilidades, exemplo: "para mañá agárdanse precipitacións, de carácter persistente e moderado, no litoral atlántico".

TREBOADAS

A.-Intensidade

Medirase a intensidade da treboada a través da intensidade da precipitación, refachos de vento ou sarabia:

- **Treboadas fortes:** van acompañadas de precipitacións fortes e/ou refachos fortes de vento ou sarabia con diámetro de máis de 1 cm. Poden ocasionar trombas mariñas e producir importante aparato eléctrico.

B.- Variabilidade espacial

- **Illadas ou dispersas:** Entre o 10 e o 30% do territorio.
- **Xeneralizadas:** Cando a porcentaxe do territorio afectado sexa superior ó 60%. Entre estas dúas categorías non se especificará termo de variabilidade espacial.

C.- Variabilidade temporal

Pola súa propia natureza, as treboadas serán normalmente ocasionais. Así pois soamente se usará o termo **frecuentes** cando se estime que o fenómeno se repita de forma significativa.

D.- Probabilidade

- **Probabilidade baixa ou posibilidade:** Cando a probabilidade de treboada sexa de entre o 10 e o 40%.
- **Probables:** A probabilidade estará entre o 40 e o 70%.



Cando a probabilidade estimada sexa maior ó 70%, non se fará mención das probabilidades.

TEMPERATURA

Indicarase a tendencia respecto ao día anterior. Se se espera a entrada dunha masa de aire fría ou cálida que altere total ou parcialmente a onda térmica diúrna, usarase o termo "progresivo", p ex: "agárdase un descenso progresivo da temperatura".

- **Sen cambios significativos:** variacións menores ou iguais que 1°C.
- **Lixeiro aumento/descenso:** variacións de máis 1° e menos ou igual a 2°.
- **Moderado aumento/descenso:** variacións entre 3° e 5°.
- **Notable aumento/descenso:** variacións entre 6° e 10°.
- **Extraordinario aumento/descenso:** variacións maiores de 10°.

Xeada: a temperatura baixa dos 0°. Poden diferenciarse:

- **Febles:** entre -3° e 0°.
- **Moderadas:** menores que -3 e maiores ou iguais que -8°.
- **Fortes:** cando se acadan temperaturas menores a -8°.

VENTO

O vento é unha magnitude vectorial, polo que a súa predición terá que constar de dirección e velocidade. A dirección que se expresa é a dirección de onde vén o vento. Así contémlanse as seguintes direccións:

- **Norte:** dirección entre 337.5 e 22.5 graos.
- **Nordés:** dirección entre 22.5 e 67.5 graos.
- **Leste:** dirección entre 67.5 e 112.5 graos.
- **Sueste:** dirección entre 112.5 e 157.5 graos.



- **Sur:** dirección entre 157.5 e 202.5 graos.
- **Suroeste:** dirección entre 202.5 e 247.5 graos.
- **Oeste:** dirección entre 247.5 e 292.5 graos.
- **Noroeste:** dirección entre 292.5 e 337.5 graos.

Fálase de **compoñente** cando pode oscilar ó redor da dirección da que se fala máis de 45°. Distínguense as seguintes compoñentes:

- **Compoñente norte:** dirección entre 315 e 45 graos.
- **Compoñente leste:** entre 45 e 135 graos.
- **Compoñente sur:** entre 135 e 225 graos.
- **Compoñente oeste:** entre 225 e 315 graos.
- **Dirección variable:** cando a dirección oscila máis de 90 graos.

A.- Velocidade

Ó falar de velocidade do vento, referímonos á velocidade media en 10 minutos. Falamos de **refacho** como desviación positiva da velocidade do vento respecto do seu valor medio. En xeral, non se especificarán os refachos, agás que poidan supoñer un perigo para a poboación, exemplo: "ventos fortes con refachos moi fortes". Poderase usar a expresión "ventos en réxime de brisas" por ser suficientemente coñecida. Empréganse os seguintes termos, cando queremos adxectivar a velocidade media:

- **Vento en calma:** velocidade media menor ou igual a 5 km/h.
- **Vento frouxo:** velocidade media entre 6 e 20 km/h.
- **Vento moderado:** velocidade media entre 21 e 40 km/h.
- **Vento forte:** velocidade media entre 41 e 70 km/h.
- **Vento moi forte:** velocidade media entre 71 e 120 km/h.
- Por riba dos 120 km/h os ventos serían **furacanos**.



Para os **refachos**, citaranse explicitamente cando superen os 70 km/h e poderanse adxectivar como moi fortes cando son superiores aos 70 km/h e furacanados se son superiores aos 120 km/h.

B.- Variabilidade temporal

Para o cambio na dirección do vento, usarase virar. Cando o vento sexa de dirección variable e se prevea unha evolución a unha determinada dirección, usarase "tender" en vez de virar e tamén en caso contrario. P ex. "vento variable frouxo que tenderá a suroeste frouxo" ou ben "vento frouxo do suroeste tendendo a variable frouxo".

Para o caso da velocidade, usaranse os seguintes termos: "aumentar", ou "diminuír ou amainar".

Para variacións en curtos períodos de tempo empregaranse os seguinte termos:

- Refachos: variacións instantáneas e significativas.
- Ocasionalmente: aumento ou diminución da velocidade arredor do 20% do tempo total de predición.
- Cando a duración prevista do cambio sexa superior ao 30%, tratarase como unha evolución